



# GACETA

Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria





Nome e Apellidos: \_\_\_\_\_

Dirección: \_\_\_\_\_

E-mail: \_\_\_\_\_

C.P.: \_\_\_\_\_

Poboación: \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_

Data nacemento: \_\_\_\_\_

D.N.I.: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Lugar de traballo: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Poboación: \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_

### **DATOS PROFESIONAIS**

ANO DA LICENCIATURA: \_\_\_\_\_

TITULACIÓN: \_\_\_\_\_

M.F. e COMUNITARIA: \_\_\_\_\_

M.I.R.: \_\_\_\_\_

M.G.: \_\_\_\_\_

OUTRAS: \_\_\_\_\_



### **INSTRUCCIÓN PARA A DOMICILIACIÓN DO RECIBO NO BANCO**

DATA: \_\_\_\_\_

Píddolles que con cargo á miña conta/libreta Nº:

Entidade     Oficina     D.C.   Conta

Atendan ata novo aviso os recibos que sexan presentados pola  
ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA.

O titular \_\_\_\_\_

Banco ou Caixa \_\_\_\_\_

Sucursal \_\_\_\_\_

Poboación \_\_\_\_\_

C.P. \_\_\_\_\_

Provincia \_\_\_\_\_

**Sinatura**

**ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA**

Rúa Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq. 15004 A CORUÑA  
Telf.: 981 216 416 – Fax: 981 217 542 – e-mail: congrega@congrega.es

## XUNTA DIRECTIVA DA AGAMFEC

### **Presidente**

Manuel Domínguez Sardiña

### **Vicepresidentes**

María Jesús Freiria Tato  
Jesús Sueiro Justel

### **Secretario**

Vital José Diéguez Pereira

### **Tesoureira**

María Nuñez Temes

### **Vogal de Docencia**

Ricardo Iglesias Losada

### **Vogal de Investigación**

M<sup>a</sup> Victoria Martin Miguel

### **Vogal de Prensa**

Begoña Peiteado Garrido

### **Vogal del PAPPS**

M<sup>a</sup> José Veleiro Tenreiro

### **Vogal de Médicos Xovenes**

Flora Miranda Pena

### **Vogal de grupos de traballo**

Jaime González Rey

### **Vogal de Medicina Rural**

Gabriel Díaz Grávalos

### **Vogais de Residentes**

Alberto Touceda Bravo  
Ángel Piñeiro López

## SECRETARÍA TÉCNICA DA AGAMFEC

Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq.  
15004. A Coruña  
Teléfono: 981 216 416  
Fax: 981 217 542  
e-mail: congrega@congrega.es

## GRUPOS DE TRABALLO DA AGAMFEC

### **1 Comunicación e Saúde**

Responsable: *Ana Carvajal de la Torre*

### **2 Hipertensión Arterial**

Responsable: *Manuel Domínguez Sardiña*

### **3 Diabete**

Responsable: *Fco. Javier García Soidán*

### **4 Demencia**

Responsable: *M<sup>a</sup> Carmen Fernández Merino*

### **5 Cirurxía Menor na Atención Primaria**

Responsable: *Francisco Javier Maestro Saavedra*

### **6 Atención á Muller**

Responsable: *Abel Coutado Méndez*

### **7 Abordaxe do Tabaquismo**

Responsable: *Felisa Domínguez Grandal*

### **8 Dislipemias**

Responsable: *Alberto del Álamo Alonso*

### **9 Patoloxía Osteo-articular na Atención Primaria**

Responsable: *Enrique Nieto Pol*

### **10 Patoloxía Respiratoria**

Responsable: *César Rodríguez Estévez*

### **11 Coidados Paliativos**

Responsable: *David Vaquerizo García*

### **12 Urgencias**

Responsable: *Fernando Souto Mata*

### **13 Risco Cardiovascular**

Responsable: *Luis Fransi Galiana*

### **14 Grupo de violencia doméstica**

Responsable: *Rosana Izquierdo Fernández*

### **15 Alcohol**

Responsable: *Jacinto Mosquera Nogueira*

## ¿QUE É A AGAMFEC?

A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. É algo máis ca unha axencia prestadora de servizos ou que unha asociación defensora de intereses corporativos.

A agamFEC busca sumar esforzos e ilusións. Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.

A agamFEC quere xogar un papel fundamental no desenvolvemento da Medicina de Familia e Comunitaria e da Atención Primaria en Galicia, aglutinando aos especialistas en MFC e demais profesionais de Atención Primaria do noso país, e asumindo a súa defensa e representación.

A agamFEC está dirixida por unha Xunta Directiva renovable cada dous anos. Artículase en Seccións (Docencia, Investigación, PAPPs, Prensa e Relacións coa semFYC) e Grupos de Traballo, coa pretensión de canalizar a máxima participación dos seus asociados.

A agamFEC está integrada na estrutura federal da semFYC, sociedade que agrupa ás 17 sociedades autonómicas do estado, constituindo a sociedade científica médica de maior actividade e implantación, chegando na actualidade a reunir a 15.000 profesionais de todo o estado español.

### ¿Cales son os fins da agamFEC?

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando os coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudos, informes ou propostas.
- Procurar a harmonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir o mellor cumprimento destes obxectivos.

### ¿Que ofrece a agamFEC aos seus asociados?

A mellora profesional a través das distintas actividades é o maior beneficio que o socio pode conseguir da agamFEC.

Esto pode lograrse a través de:

- Actividades de formación continuada nas que o socio participa (congresos, debates, cursos...) tanto en calidade de asistente como de ponente.
- Fomentando a investigación, potenciada a través dos congresos anuais da agamFEC, a través de apoio metodolóxico, convocatorias de becas...
- Favorecendo a participación e o intercambio de experiencias entre os socios por medio dos Grupos de Traballo e outros foros que se constitúan.
- Proporcionando material científico e publicacións elaboradas e editadas pola agamFEC e a semFYC.

Actualmente os socios da agamFEC reciben de xeito gratuito nos seus domicilios as seguintes publicacións periódicas:

- Cadernos de Atención Primaria
- Atención Primaria
- Os socios da agamFEC reciben tamén os Documentos semFYC, así como información das actividades que a Asociación realiza e outras informacións de interés para os médicos de familia.
- Outro beneficio que o socio pode obter son os descontos para asistencia ás actividades que a Asociación organiza: congresos, cursos, xornadas de residentes, talleres...
- A pertenza á agamFEC ofrece a posibilidade de participar nos grupos de traballo e de participar nas distintas actividades que a Asociación poña en marcha. Tamén pode o socio participar na Asamblea Anual que se organiza xeralmente coincidindo co Congreso autonómico, así como participar na elección dos membros da Xunta Directiva.

### ¿Quen pode asociarse á agamFEC?

Poden ser socios da agamFEC todos os médicos que traballen ou estean relacionados coa Atención Primaria de Saúde e que realicen o seu traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sexan ou non especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, e que estean dacordo cos obxectivos que a Asociación persigue.

Para ser socio da semFYC hai que selo necesariamente a través de algunha sociedade autonómica federada. Todos os asociados da agamFEC son, polo tanto, tamén socios da semFYC.

Os membros da Asociación teñen os seguintes dereitos:

- Ostentar a calidade de membro e asistir ás sesións que a Asamblea Xeral celebre.
- Participar nas actividades e actos da Asociación.
- Ser candidato nas eleccións para órganos da Asociación.
- Ser informado das actividades e planos da Asociación.

A cota de asociado é de 10 euros ao trimestre.

Os residentes da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria poden ser socios da agamFEC de maneira gratuita durante o primeiro ano de asociados.

Para contribuir á mellora da Atención Primaria en Galicia:

**¡Asóciate a AGAMFEC!**

## ASEMBLEA EXTRAORDINARIA AGAMFEC

Ou día 27 de marzo celebrouse na sé do Colexio Médico de Santiago unha Asemblea extraordinaria que levaba como único punto da orde do día a postura que debería de tomar a AGAMFEC ante o Plan de mellora da AP en Galicia 2007-2011.

Acudiron a Asemblea 24 persoas e o resultado da vota-

ción foi o seguinte: 17 apoiaron o Plan, 4 votaron en contra e 3 abstivéronse. Con este resultado a XD da Agamfec asinará o citado Plan.

Dende a XD da Agamfec preocupámonos a escasa asistencia a este tipo de actos, xa que nelas tómanse decisións nas que deberíamos de participar todos.

## SINATURA COA CONSELLERÍA DE SANIDADE DO "PLAN DE MELLORA DA AP"

O día 2 de abril tivo lugar no Pazo de Raxoi o acto de sinatura do acordo sobre o Plan de Mellora da Atención Primaria de Galicia 2007-2011 coa Conselleira de Sanidade. O acto estivo presidido polo Presidente da Xunta de Galicia D. Emilio Perez Touriño. Firmaron as seguintes asociacións e sindicatos: CIG, CCOO, UGT, CESM, CSIF, AGAPAP, FADSP, SEMG, SEMERGEN e AGAMFEC. Por parte da AGAMFEC asinou a súa vicepresidenta M<sup>a</sup> Jesús Freiría Tato

"En primeiro lugar quero manifestar a satisfacción da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria e tamén felicitar á administración e a todas as organizacións sindicais e profesionais aquí presentes por ter chegado a un acordo que posibilita a sinatura deste documento.

O desenrolo deste "Plan de mellora da AP en Galicia 2007-2011", en liña coas estratexias de AP 21, vai representar, sen ningunha dúbida, unha mellora do traballo que realizamos no primeiro nivel asistencial, xa que supón máis recursos humanos, menos burocratización e un maior acceso a probas diagnósticas, co que aumentare-

mos a capacidade de resolución da AP o que redundará nun mellor servizo á nosa poboación.

Pero esta sinatura non é máis que un punto de partida. A mellora da AP ten que ser aínda máis profunda. Nos aspiramos a poder desenvolver a nosa profesión nun marco de calidade, cun pleno desenrolo da M de F. Este plan non inclúe aspectos moi importantes que entre todos debemos discutir e intentar mellorar, tales como:

A situación das urxencias extrahospitalarias, o seu deseño e as condicións de traballo dos seus profesionais; os turnos de tarde nas Unidades de Atención Primaria; as funcións dos distintos profesionais que traballan nos centros de saúde; a autoxestión clínica;... e un longo etc.

Asinamos este documento esperanzados, co propósito de apoiar á administración no seu desenrolo e co ánimo de fiscalizar o seu cumprimento. Esperamos que sexa o primeiro paso para poder facer realidade unha vella aspiración da M. de F.: que a Atención Primaria sexa o eixo do noso sistema sanitario".

## GRUPOS DE TRABAJO

Dende semFYC solicitámonos persoas para a constitución dun grupo de traballo "SEGURIDAD DEL PACIENTE". Isto

encuádrase dentro dun proxecto do Ministerio de Sanidad y Consumo "Eneas 2".

## CONGRESO CLÍNICO ZARAGOZA 2008

O Primeiro Congreso clínico da SemFYC terá lugar en Zaragoza os días 5 y 6 de Xuño do 2008.

O Congreso xirará en torno a PATOLOXÍA CARDIOVASCULAR (novedades, F.R., etc).

## CONGRESO SEMFYC 2008

Terá lugar en Madrid. Aínda non están decididas as datas.  
Presidenta C. Organizador: Carmen Moliner  
Presidenta C. Científico: Araceli Garrido

Plan organizativo:

- Abril: solicitude de ideas e posibles contidos
- Maio: Valoración de ideas e contidos. Tabulación. Priorización y Decisión

A presentación do Congreso farase durante o Congreso de Valladolid.

Pregamos a todos os asociados da AGAMFEC que vaian pensando mesas, ponencias, actualizacións, etc. É importante que participemos todos na nosa actividade con maior proxección cara o exterior.

## BASE DE DATOS SEMFYC

Preténdese facer unha nova base de datos dos socios da semFYC. O seu obxectivo é ter un conxunto mínimo de datos de cada socio (NIF, SSFF, nº de socio semFYC, Nome e apelidos, idade, sexo, data de nacemento, enderezo persoal, teléfono e mail). As súas vantaxes serían:

- Homoxeneización dos datos dos socios entre a SSFF e a semFYC.
- Actualización dos datos de maneira instantánea.

- Correcta distribución dos servizos, tanto por parte da semFYC, como por parte da SSFF: Atención Primaria, mailings, etc.
- Maior coñecemento do socio, o que axudaría a un servizo máis personalizado.
- Etc.

Sería bo que todos nós tivésemos actualizados os nosos datos na SSFF. Podedes enviar un correo a Congrega con todos estes datos, dende AGAMFEC o agradeceríamos.

## IX XORNADAS DE RESIDENTES

Tiveron lugar o 23 de marzo en Santiago de Compostela as IX Xornadas de Residentes. A participación foi elevada, e cremos que un ano máis debemos sentirnos contentos de como transcuriron. Foron financiadas polo Laboratorio Almirall a quen lle reiteramos o noso agradecemento.

Os encargados da elaboración do programa científico foron, como xa é habitual, os residentes. Destacamos neste punto a labor desenrolada polo seu vocal Alberto Touceda.

Obradoiros:

- Atención inicial ao paciente politraumatizado: Fernando Souto Mata, Luisa Chayan Zas
- Manexo do embarazo en AP: Ana Zamora Casal
- Manexo global do risco cardiovascular en AP: Alberto del Álamo Alonso, Manuel González Rodríguez.
- Que a cefalea non che produza dor de cabeza: Salvador Tranche Iparraguirre.

As mesas xiraron en torno ás web sanitarias: Presentación de Fisterra.com. Arturo Louro González.

## CAMBIOS NO TEXTO DO PLAN DE MELLORA DE ATENCIÓN PRIMARIA 2007-2011

Resumo realizado por Ramón Veras Castro

Reproducimos no anterior número de Cadernos de Atención Primaria (Volumen 13 nº 4) o texto do PLAN DE MELLORA DA ATENCIÓN PRIMARIA 2007-2011 xunto cos anexos do mesmo, que contiñan as conclusións das mesas de consenso entre administración, organizacións sindicais, profesionais e científicas. O ACORDO asinouse o 2 de abril de 2007, no Pazo de Raxoi, entre o Presidente

da Xunta de Galicia Emilio Pérez Touriño, a Conselleira de Sanidade e as organizacións seguintes: asociacións científicas e profesionais dos médicos de atención primaria (AGAMFEC, SEMERGEN e SEMG), asociación galega de pediatría de atención primaria (AGAPAP), sindicatos (CIG-SAÚDE, CCOO, CSIF, UGT, CESM) e a asociación galega de defensa da sanidade pública (FADSP). Non asinaron este Acordo O'MEGA nin a asociación sanitaria de atención primaria (APSAP).

Por parte da AGAMFEC asinou M<sup>a</sup> Jesús Freiria Tato, que deu lectura ao texto que se pode ler máis arriba na Gaceta.

Os cambios no texto do Plan definitivo en relación co publicado no anterior número son os seguintes:

1. **Concrétase** un número de prazas de médicos de familia e de pediatras a crear entre o 2007-2011: 309 médicos de familia e 65 de pediatría.
2. **Incrementáanse** as porcentaxes de creación de prazas ano a ano, de modo que se fará un maior esforzo no 2008 e 2009 (un 65% do total ata as seguintes eleccións autonómicas): aumenta ao 35% das prazas no 2008, 30% no 2009, 20% no 2010 e 15% no 2011. Traducido a número, se temos en conta o total de 309 (en médicos de familia) serían: 108 no 2008, 93 no 2009, 62 no 2010 e 46 no 2011.
3. **Desaparece** dos obxectivos do Plan de Mellora o texto incluído no apartado dos Profesionais que dicía: "Colaborar coas XAP nas coberturas de intersubstitucións e voluntariedade de gardas e na autoxestión das ausencias no servizo".
4. Xunto ao título de **ANTES DE XUÑO DE 2007**, no Plan de Traballo, indícase entre paréntese o texto seguinte: "para aplicar neste verán"
5. Nas medidas de desenrolo dos recursos humanos ANTES DE XUÑO DE 2007 cambia o texto do parágrafo 3 (sobre a creación da figura de profesional facultativo) indicando que se negociará na **Mesa Sectorial (que será convocada de forma inmediata)** a creación desta figura. Cambia tamén o texto do parágrafo 4 (que fala da intersubstitución e substitucións), que se inicia concretando o aumento do gasto: "Mellora para o incremento de pago por intersubstitución e substitucións co aumento do 30% no gasto realizado por este concepto no ano 2006". Reitera que a Mesa Sectorial se convocará de forma inmediata e no texto definitivo inclúese que nos centros nos que sexa posible a substitución será feita polos profesionais da lista de contratacións, e no caso de non ser posible, por prolongación de xornada dos profesionais dos centros.
6. No grupo de medidas de ANTES DO FIN DE 2007, no parágrafo de desenrolo de recursos humanos, concréta-se que a negociación en mesa sectorial será **antes do mes de outubro de 2007**, de modo que sería unha continuidade da mesa sectorial de antes de xuño de 2007, co obxectivo de ter unha negociación de mesa sectorial de todo o paquete de medidas conxuntamente.
7. Os grupos técnicos internos do Sergas convírtense en **Grupos de traballo** que serán formados despois de consultar coas organizacións asinantes do Acordo e as súas conclusións e propostas serán consensuadas coas organizacións asinantes, a través da Comisión de Seguimento do Plan (da que formarán parte só os asinantes do Acordo).

www.agamfec.com

The screenshot shows the AGAMFEC website with the following elements:

- Header:** Logo of the "Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria" (AGAMFEC) and the text "Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria".
- Navigation Menu:** Inicio, AGAMFEC, Novas, Grupos, Formación, Enlaces, Cadernos.
- Main Content:**
  - Logo:** "asociación galega de medicina familiar e comunitaria" with the AGAMFEC logo.
  - Description:** "A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia."
  - Mission:** "Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade."
- Footer:**
  - www.semfyec.es
  - xxv Congreso (Sociedade Española de Medicina de Familia e Comunitaria)
  - Investigación, Bolsa de Trabajo
  - AGAMFEC Rosalía de Castro 13, 1º, 15004 A CORUÑA Telf: 981-216 416 · Fax: 981-217 542 · e-mail: secretaria@congreso.es
  - Información Legal · Criterios de Calidad

www.agamfec.com

actualizada para ofrecerche  
mellor servizo e máis información